



✎ Observa os seguintes climogramas, e indica en cada caso:

A



B



1. Analiza cada climograma:


- Cal foi a **temperatura** media aproximada no mes de **xaneiro**?
- Cal foi a **temperatura** media aproximada no mes de **agosto**?
- Que cantidade de **precipitacións** houbo, aproximadamente, en **xuño**?
- Que cantidade de **precipitacións** houbo en **outubro**, aproximadamente?
- En que **mes** fixo máis **frío**?
- En que mes fixo máis **calor**?
- Cando **choveu menos**? Cal foi o mes **máis** chuvioso?

2. Compara:

- Explica que **diferenzas observas entre un e outro climograma**.
- Consulta os apuntamentos (entre as pp. 2 e 4) e indica (fixándote nos exemplos) en que tipo de clima da Península os situarías.

 Fíxate nos climogramas que se amosan a continuación:


CASO 1:



Responde:

- En cal das dúas cidades son maiores as **precipitacións**? Por que cres que é así?
 - Fíxate na localización de cada cidade.
- Como se reparten as **precipitacións**? Busca os meses coas precipitacións máximas e mínimas.
- Cal das dúas cidades ten unhas **temperaturas** elevadas, e cal as ten máis suaves?
- Explica** as **principais diferenzas** que observas entre ambos climogramas.

CASO 2:



Responde:

- En cal das dúas cidades son maiores as **precipitacións**? Por que cres que é así?
- Como se reparten as **precipitacións**? Busca os meses coas temperaturas máximas e mínimas.
- Cres** que teñen o **mesmo tipo de clima**? Indica similitudes e algunha diferenza entre eles.
- Teñen algún mes **seco**, no que as **precipitacións** sexan inferiores á **temperatura** media?